

'O valo'

Espectáculo teatral sobre as fronteiras e as persoas refuxiadas

PROTAGONISTAS	Pallazos en Rebeldía é un espazo do teatro galego para traballar a cooperación internacional a través da risa. Xurdida nunha visita a Chiapas en 2004, consideran que o clown desempeña un papel protector de valores sociais como a crítica, o dereito a rirse das persoas desfavorecidas ou a superación dos nosos complexos mediante a cura da gargallada.
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Promover a reflexión sobre as fronteiras e as migracións.• Evitar o esquecemento das guerras e das persoas refuxiadas.• Convidar á transformación da realidade pensando un mundo diferente.
DESCRICIÓN	O espectáculo, no que interveñen dous actores, está baseado na obra 'O valo', de Carlos Labraña, gañadora do IX Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. A obra representa o encontro entre unha nena que foxe da guerra e un rapaz soldado, gardián devoto de fronteiras móbiles. O conflito en Siria obrigou a máis de cinco millóns de persoas a abandonar o país na procura de refuxio noutros lugares, entre as que se achán moitas menores. 'O valo' é unha obra escrita en homenaxe a todas elas, para que on permanezan no esquecemento e as súas vidas constitúan o xerme da loita contra todos os valos, aramados, muros e fronteiras que separan os seres humanos.
PÚBLICO	Alumnado de 5º Primaria, 6º Primaria, 1º ESO, 2º ESO. Exclusivamente centros de ensino.
DURACIÓN	Tempo de montaxe : 2 horas. Espectáculo: 50 minutos. Tempo de desmontaxe: 1 hora.
RECURSOS	Espazo con 4m de boca e 4m de fondo. Toma de corrente para equipo de son e iluminación.
PERÍODO	De abril a decembro, de luns a venres preferentemente en horario de mañá (agás do 11 ao 20 de maio).
ACCIÓNS OPCIONAIS	<ul style="list-style-type: none">• Actividades da unidade didáctica• Debate guiado posterior á obra (20 minutos)• Sesión de reflexión guiada (100 minutos) <i>*En función da dispoñibilidade</i>
MATERIAIS ADICIONAIS	<ul style="list-style-type: none">• Unidade didáctica• Libro 'O valo'• Modelo de cartel• Modelo de nota de prensa• Fotografías promocionais